
O PIRATA PATA DE LATA

Texto de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Ilustracións de RAMÓN TRIGO

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

O pirata pata de lata (galego)

ISBN 978-84-8464-679-2. Demademora.

El pirata pata de lata (castelán)

ISBN 978-84-96388-73-4. Libros para Soñar.

O pirata pata de lata (portugués)

ISBN 978-989-8205-45-2. Livros para Sonhar.

*A este feroz pirata chámanlle Pata de Lata.
Non é torto nin birollo, mais leva un parche nun ollo.
Leva tamén unha espada, algo vella e moi fanada...*


Chegan novas de que “O pirata pata de lata” deixa o seu retiro e volve á carga con enerxías renovadas, tratando de incordiar a cantos atope ao seu paso, sexan de carne e óso, ou simples espíritos. Porque o ancho mar xa non é o que era e a este bucareiro revoltoso resúltalle cada vez máis complicado dar cun contrincante á altura das boas pelexas de antano, sable en ristre. Os soños resultan ser o mellor refuxio onde dar renda solta ás súas ansias belicosas: durmir ‘a pata de lata’ solta proporciónalle momentos de gloria, imaxinando múltiples batallas nas que, curiosamente, el sempre resulta vencedor.

Un relato para primeiros lectores, divertido e inxenioso.

Os seus versos evocan un mundo mítico e transportan o lector aos escenarios onde transcorren as rimas de Espronceda ou as aventuras de ‘A illa do tesouro’ de Stevenson. As ilustracións, que mesturan a técnica do collage con materiais como tinta e acuarela, contribúen a crear esa atmosfera intrépida e exótica.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



-
- **Temática:** relato rimado sobre as aventuras dun pirata.
 - **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
 - **Aspectos destacables:** texto rimado; humor; recreación do estereotipo do pirata; do autor de “Once damas atrevidas” (Kalandraka) e “Artur” (Faktoría K); do creador de “As luces que se acenden e se apagan” e “O burato do inferno” (Faktoría K).
-

Xosé Manuel González

(Cangas, 1960)

Profesor de Educación Infantil, escritor e especialista en literatura infantil. Entre outros títulos, tamén é autor dos libros titulados “Once damas atrevidas” (KALANDRAKA, onde co-dirixe a colección Sete Leguas) e “Artur” (FAKTORÍA K). Colaborou con outras editoriais como Xerais e Ir Indo.
<http://oslibrosdeoli.wordpress.com/>

Ramón Trigo

(Vigo, 1965)

Con 18 anos publicaba os seus traballos como ilustrador e debuxante de cómic en xornais e revistas especializadas. As súas primeiras obras pictóricas datan de 1986; dende entón, realiza exposicións e ilustra libros para varias editoriais, como Xerais, Ir Indo, Edelvives, KALANDRAKA e o selo FAKTORÍA K; neste último publicou as obras “As luces que se acenden e se apagan” e “O burato do inferno”. Traballou en Alemaña, Francia e Portugal. Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos galardóns, como o 2º premio Eixo Atlántico de pintura e -máis recentes- o premio do II Concurso Internacional Álbum Infantil do Cabildo de Gran Canaria e o Premio Internacional de Álbum Ilustrado Cidade de Alicante. Durante 2005 expuxo no Parlamento Europeo de Bruxelas a serie “Mar de fondo”. <http://trigofillia.blogspot.com.es/>